

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

Dna. Marta Pico Machado

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

(abandona 13:55 rogos e preguntas)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 27.10.2016.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 08.11.2016.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 14.11.2016.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

"Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- ordinaria de 27/10/2016.

- extraordinaria e urxente de 08/11/2016.

- extraordinaria e urxente de 14/11/2016.

Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesión

- ordinaria de 27/10/2016.

- extraordinaria e urxente de 08/11/2016.



- extraordinaria e urxente de 14/11/2016.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Non habendo intervencións, sométense as actas a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE dos/las** membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesión

- ordinaria de 27/10/2016.
- extraordinaria e urxente de 08/11/2016.
- extraordinaria e urxente de 14/11/2016.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- CAMBIO DE USO DA PARCELA ONDE SE LOCALIZA A EDIFICACIÓN ESCOLA INFANTIL CHALET ROSA" DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"PROPOSTA DE ACORDO

CAMBIO DE USO DA PARCELA ONDE SE LOCALIZA A EDIFICACIÓN "ESCOLA INFANTIL CHALET ROSA" DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

O pasado 16/09/2016, o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e urxente autorizaba, por maioría, a sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume, para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume, conforme ao proxecto básico de execución e documentación complementaria, con rexistro de entrada nº7801 e 68 (sede electrónica) de datas 10/11/2016 e 18/11/2016, respectivamente.

Logo da sinatura, o 21/11/2016 do texto do convenio.

Tendo en conta o informe da arquitecta municipal de data 18 de novembro, que se transcribe no seu literal:

"EXPEDIENTE:

ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL "CHALET ROSA" E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO NORMATIVA

- Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Publicadas nos DDOO 19 e 20 xuño e 11, 12, 15 e 16 de xullo. (NCSP en adiante)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. (LSG en adiante) - Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio. (DOT en adiante) - Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. (POL en adiante) - Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana. (LS en adiante)
- Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas en Galicia. (NHV en adiante)
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado obrigatorio.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. (LOE en adiante)
- RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Concordantes.

O Concello de Pontedeume conta a día de hoxe para o seu ordenamento municipal co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente pola Orde do 27 de maio de 2016 asinada pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dna. María Encarnación Rivas Díaz.

INFORME TÉCNICO

OBXECTO DO INFORME

Emítase o presente informe en relación ó cambio de uso proposto para o edificio denominado "CHALET ROSA", localizado na Praza Maestro Álvarez Vázquez Penedo nº1 (referencia catastral: 7863311NJ6076S0001GW).

ASUNTO E ANTECEDENTES

O Concello de Pontedeume en convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil, está tramitando o expediente proxectgo de obras de "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL "CHALET ROSA" E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO".

O proxecto ten por obxecto o acondicionamento e mellora das condicións de accesibilidade da escola infantil "Chalet Rosa" así como a ampliación do aulario.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro.

A parcela onde se localiza a edificación está calificada polo PXOM como solo urbano consolidado, ordenanza U5. Por aplicación da disposición transitoria primeira e artigos relacionados da LSG, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

Así mesmo, o PXOM califica o edificio como equipamento municipal, onde se especifica dous equipamentos:

EX-6: gardería Chalet Rosa: Uso educativo de titularidade municipal.

SCEL-8: biblioteca específica Chalet Rosa: Uso sociocultural de titularidade municipal.

Segundo.

Segundo o establecido no PXOM para uso dotacional:

4.8.12.1. Clase educación.

1. Definición.

Corresponde aos edificios e locais dedicados a actividades pedagóxicas ou de formación en calquera dos seus niveis e tipos, tales coma centros escolares e preescolares, academias, etc.

2. Clasificación. Establécense as seguintes categorías:

Categoría 1ª: Establecementos con capacidade non maior de 150 persoas e con superficie igual ou menor aos 250 m².

Categoría 2ª: Establecementos con capacidade maior de 150 persoas e con máis de 250 m² de superficie.

4.8.12.2. Clase Sociocultural.

1. Definición.

Corresponde aos espazos ou locais destinados á conservación, transmisión e xénese dos coñecementos (bibliotecas, arquivos, museos, centros de investigación, etc.) e as actividades socioculturais e de relación (centros de asociacións, agrupacións, cívico-sociais, círculos, confrarías, centros parroquiais, etc.).

2. Clasificación. Establécense as seguintes categorías:

Categoría 3ª: Centros culturais, museos, bibliotecas e auditorios.

Categoría 4ª: Salas ou locais en baixos comerciais, ou en plantas baixas de edificacións doutro uso característico ou en edificio exclusivo, nos que se desenvolvan actividades con fins socioculturais (Exposicións, conferencias, etc).

4.8.12.3. Clase Asistencial.

1. Definición.



Que comprende a prestación de asistencia non especificamente sanitaria ás persoas, mediante os servizos sociais, coma os destinados a asilo e servizos de atención da poboación con menos protección: nenos, vellos, probes, diminuídos, e calquera outra poboación marxinal.

2. Clasificación. Establécense dúas categorías:

Categoría 5ª. Centros de servizos sociais sen residencia colectiva anexa, tales como club de anciáns, garderías, etc., de titularidade pública ou privada.

Categoría 6ª. Centros de servizos sociais con residencia colectiva, de titularidade pública ou privada, tales como residencias de maiores, centros de acollida infantil ou adultos, etc.

Terceiro.

Segundo o establecido no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, no art.22, as escolas infantís 0-3 defínense como "equipamentos diurnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento armónico e integral dos nenos e nenas, realizando ademais unha importante tarefa de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilitan o acceso dos pais ao mundo laboral".

Segundo aclaración emita polo Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar, dependente da Consellería de Política Social: "Xa que logo, as condicións relativas ao funcionamento dos centros e servizos públicos ou privados, con ou sen ánimo de lucro que presten servizos sociais, incluíndo as escolas infantís 0-3, son obxecto de regulación no antedito Decreto 329/2005, do 28 de xullo, correspondendo así á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, velar polo cumprimento das condicións para a súa apertura e funcionamento, modificación, capacitación do seu persoal e peche. "

Por todo o considerado anteriormente, segundo a opinión da técnico que subscribe, as escolas infantís se corresponden co uso pormenorizado definido polo PXOM no art. **4.8.12.3. como uso dotacional de clase Asistencial.**

Cuarto.

En opinión da técnico que subscribe procede realizar un cambio de uso segundo o establecido no art. 4.9.6.5 e 4.10.2.3. do PXOM: o cambio de uso dunha zona cualificada como de equipamento a outro uso dun equipamento distinto debe realizarse a través do proceso sinalado no art. 42.5 da LSG. O Concello pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se mantenga a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Segundo o art. 42.5, da LSG: "5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se mantenga a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos."

Quinto.

Polo tanto, o uso definido no documento do PXOM:

EX-6 gardería "chale rosa": superficie 1.104,8m2. uso existente. uso educativo titularidade Municipal
SCEL-8 biblioteca específica "chale rosa": superficie 127,0m2. uso existente. uso sociocultural titularidade municipal

Polo tanto, en opinión da técnico que subscribe, procede o seguinte cambio de uso e adaptación ós usos desenvolvidos no edificio:

ASX-1: ESCOLA INFANTIL CHALET ROSA: superficie 1.104,8m2. USO EXISTENTE. USO ASISTENCIAL CATEGORÍA 5ª TITULARIDADE MUNICIPAL

SCEL-8: desaparece o uso sociocultural e pasa a ampliar a superficie do equipamento ASX-1
Así mesmo, no presente informe se adelantan os cálculos de superficie correspondente á ampliación do citado edificio a través do proxecto de "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL "CHALET ROSA" E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO".

SUPERFICIES CONSTRUIDAS CONFORME PROXECTO:

	Chalet Rosa	Ampliación
--	-------------	------------

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Planta soto	-	81,75m ²
Planta baixa	136,40m ²	187,15m ²
Planta primeira	100,60m ²	-
Planta baixocuberta	76,20 m ²	-
TOTAL por edificio:	313,20 m²	268,90m²
TOTAL:	582,10m²	

Informe emitido segundo o meu leal saber e entender e salvo consideracións mellor fundadas ás que se somete a técnico que subscribe, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule no preceptivo informe xurídico ou en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida. Salvo dereito de propiedade e sen perxuízo a terceiros.

O órgano competente para a resolución adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Ponte deume, 18 de novembro de 2016

A Arquitecta Municipal
Marta Gómez Fernández"

Visto o informe do Técnico de Administración Xeral de data 18 de novembro de 2016 así como a ratificación do mesmo pola Secretaria Xeral en data 21 de novembro de 2016, debido a que o acordo require maioría absoluta para a súa aprobación conforme ao establecido no artigo 3 b) do RD 1174/1987 e artigo 42.5 da Lei do solo de Galicia **Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- A ratificación da inclusión do asunto na orde do día da sesión debido as razóns de urxencia que o motivan en canto que foi transmitido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a necesidade de que o proxecto sexa aprobado no menor prazo posible o que permita licitar, polo organismo autonómico, o mesmo á maior brevidade.

SEGUNDO.- Autorizar o cambio de uso da parcela onde se localiza a edificación Escola Infantil "Chalet Rosa" segundo o establecido no informe da Arquitecta municipal de data 18/11/2016, no sentido seguinte:

Modificar o uso definido no documento do PXOM aprobado definitivamente por Orde do 27 de maio de 2016 no sentido seguinte:

Onde di:

EX-6 gardería "chale rosa": superficie 1.104,8m². uso existente. uso educativo titularidade municipal. SCEL-8 biblioteca específica "chale rosa": superficie 127,0m². uso existente. Uso sociocultural titularidade municipal

Procede o seguinte cambio de uso e adaptación ós usos desenvolvidos no edificio:

ASX-1: ESCOLA INFANTIL CHALET ROSA: superficie 1.104,8m². USO EXISTENTE. USO ASISTENCIAL CATEGORÍA 5ª TITULARIDADE MUNICIPAL **SCEL-8:** desaparece o uso sociocultural e pasa a ampliar a superficie do equipamento ASX-1

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no BOP da Coruña, no DOG e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do



territorio e urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio e ao Consorcio galego de Igualdade e do Benestar, así como ao departamento de urbanismo municipal aos efectos oportunos.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

De seguido, sométese a votación a inclusión do asunto na orde do día, quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE** dos/as concelleiros/as presentes o seguinte **ACORDO**:

A ratificación da inclusión do asunto na orde do día da sesión debido as razóns de urxencia que o motivan en canto que foi transmitido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a necesidade de que o proxecto sexa aprobado no menor prazo posible o que permita licitar, polo organismo autonómico, o mesmo á maior brevidade.

A Presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que na redacción do Plan participaron “Consultora Galega” coa normativa, e “Carbajo” na planimetría; que este último entendeu que unha escola infantil era educacional, se ben na actualidade, as escolas infantís teñen un uso asistencial, polo que se fai necesario a súa modificación no PXOM, xa que plantexaba certas dúbidas ao Consorcio. De non cambiar o uso, poderíase facer igual a escola, mais habería que dotar o espazo de máis prazas de aparcadoiro..., o cal non sería posible. Conclúe indicando que o cambio de uso beneficia ao Concello.

De seguido, toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do PP. O Sr. Crespo di que non existía a previsión no propio PXOM. Cualifica o emprazamento como “emparedado”, xa que é un sitio húmido, sen vistas, un lugar que non escollería ninguén para as persoas ás que se dirixe (nenos/as). Recorda o proxecto de gardería que, segundo indica, xa estaba contratada e que formaba parte dun paquete de cinco na provincia, poñendo como exemplo a escola infantil de Fene, que xa está a funcionar. Defende o proxecto anterior e o emprazamento para aquel. Conclúe anunciando a abstención do seu grupo.

Intervén Dna. Ana Veira García. A portavoz do BNG-AA pregunta se o proxecto non ten soto. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que ten un soto pequeno, onde irá a caldeira. Continuando coa súa intervención, a Sra. Veira García recorda que no mes de setembro, nun Pleno extraordinario, o seu grupo abstívose na votación do acordo por non coñecer o proxecto. Agora, do que se trata é doutra cousa, do cambio de uso da parcela, non tendo problema con que se faga, se ben, dende o seu punto de vista é cuestionable o uso (educativo ou asistencial) Plantexa o debate sobre o modelo de xestión, e se a escola infantil se debería de integrar na rede pública de escolas infantís. Di que, aínda vendo cousas positivas, considera que non se fixo a suficiente posta en común para participar na elaboración de propostas e facer unha proposta real que recollera a petición da cidadanía. Por todo o anterior, indica que o voto do seu grupo vai ser a abstención, igual que no pleno do mes de setembro. Conclúe a súa intervención manifestando descoñecemento sobre onde se van “quitar” os cartos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que xa se dixo que se ía ir a un crédito. Sobre as afirmacións do portavoz do PP, di que o uso non se cambia de dotacional para asistencial, considerando que o anterior uso prevía nenos/as. Pide ao portavoz do PP que traia a documentación que acredite a contratación dunha escola infantil, e así pide que conste en acta: que traia unha copia do contrato con TRAGSA.

Defende o proxecto actual, que considera conforme coa situación económica do Concello, polo que pide seriedade á hora de realizar as intervencións. Di que se optou pola opción que supoñía un maior aforro para o concello, tendo en conta que hai que recurrir ao endebedamento.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que a cualificación educacional tamén é cultural, polo que pode ser para outra faranxa de idade, polo tanto, máis amplo. Recorda que o crédito que había ao final do mandato anterior era de un millón seis centos mil euros.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro fai alusión aos gastos mensuais do concello, o que esgota a contía indicada polo portavoz do PP.

De seguido prodúcese un cruce de acusacións sobre en que e como se gastan os cartos das arcas municipais.

O Sr. Alcalde pide que a interventora aclare se o concello pode asumir un millón douscentos mil euros de investimento. A Sra. Interventora indica que cos recursos ordinarios do orzamento non é posible.

D. Francisco Javier Crespo Romeo apunta á necesidade de facer xestións perante outras administracións como xeito de acadar financiamento.

D. José Simoes Couceiro di que o propio conselleiro dixo que era un lugar privilexiado.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 7 VOTOS A FAVOR dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE:** D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy, **e 5 ABSTENCIÓNS do resto dos señores e señoras concelleiras** do PP (3): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire.

PRIMEIRO.- Autorizar o cambio de uso da parcela onde se localiza a edificación Escola Infantil "Chalet Rosa" segundo o establecido no informe da Arquitecta municipal de data 18/11/2016, no sentido seguinte:

Modificar o uso definido no documento do PXOM aprobado definitivamente por Orde do 27 de maio de 2016 no sentido seguinte:

Onde dí:

EX-6 gardería "chale rosa": superficie 1.104,8m². uso existente. uso educativo titularidade municipal. SCCL-8 biblioteca específica "chale rosa": superficie 127,0m². uso existente. Uso sociocultural titularidade municipal.

Procede o seguinte cambio de uso e adaptación ós usos desenvolvidos no edificio:

ASX-1: ESCOLA INFANTIL CHALET ROSA: superficie 1.104,8m². USO EXISTENTE. USO ASISTENCIAL CATEGORÍA 5ª TITULARIDADE MUNICIPAL **SCCL-8:** desaparece o uso sociocultural e pasa a ampliar a superficie do equipamento ASX-1

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no BOP da Coruña, no DOG e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio e ao Consorcio galego de Igualdade e do Benestar, así como ao departamento de urbanismo municipal aos efectos oportunos.

3. - DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME, PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación.



<<DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Despois de que o Pleno do Concello, en sesión EXTRAORDINARIA e URXENTE de data 16/09/2016 adoptara o ACORDO seguinte, que se transcribe, en extracto:

<< 2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME. ACORDOS QUE PROCEDAN.

...//...

A Presidencia abre a quenda de intervencións ...//...

Unha vez rematado o debate sométese a proposta a votación, resultando ADOPTADO o ACORDO, por 7 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e 5 abstencións do resto dos señores e señoras concelleiros/as: PP(4): D. Javier Crespo Romeo, Dna. M^a Carmen Piñeiro varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez e do do BNG-AA (1): Dna. Ana Veira García, do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.-Aprobar o “Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no concello de Pontedeume”, cuxo texto se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

E doutra, Bernardo Fernández Piñeiro, actuando en representación do Concello de Pontedeume, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente Convenio, no exercicio dos seus respectivos cargos, e dentro do marco dos principios de coordinación, colaboración e respecto mutuos que deben informar as relacións entre ambas as dúas administracións

EXPOÑEN:

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o día 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”), con atención especial á xestión integral de escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;

Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;

Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

II. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no cumprimento dos seus fins, quere desenvolver as actuacións necesarias para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha Escola infantil no Concello de Ponte deume no exercicio das competencias que se lle atribúen no artigo 7 dos seus Estatutos publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2007.

III. Que o Concello de Ponte deume adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar por medio de Convenio asinado o 5/10/2006.

IV. Que en base ao anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un CONVENIO DE COLABORACIÓN para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Ponte deume.

Por canto antecede, as partes formalizan o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ponte deume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha Escola infantil neste concello.

SEGUNDA.- O Consorcio desenvolverá o procedemento de licitación pública e de adjudicación dos traballos de execución das obras correspondentes ao proxecto de reforma e ampliación da Escola infantil que será redactado e aprobado polo concello.

TERCEIRA.- O Concello é titular dunha edificación denominada “Chalet Rosa” destinada na actualidade a Escola infantil municipal que se sitúa na parcela con referencia catastral 7863311NJ6076S0001GW emprazada na Avenida Ricardo Sánchez s/n, no termo municipal de Ponte deume.

A parcela deberá ser posta a disposición e con cantos servizos sexan necesarios e a pé da mesma, entre outras as acometidas de luz, auga, teléfono, gas, así como calquera outra de análoga natureza que sexa imprescindible para a reforma do edificio existente e ampliación



(servizos de obra) e para o correcto funcionamento ou servizo do centro obxecto da obra que se realice.

CUARTA.- O Concello comprométese, mediante este convenio, a facilitar ao Consorcio os informes, permisos, autorizacións e/ou licenzas que sexan necesarias para a realización da actuación obxecto deste convenio, e a asumir os custos das mesmas. A estes efectos o Concello de Pontedeume aprobará o proxecto básico e de execución da reforma e ampliación da Escola infantil.

QUINTA.- A inversión total para a reforma e ampliación da Escola infantil estímase na cantidade de 674.272,50 €, incluíndose neste importe os gastos de honorarios de redacción de proxectos e direccións de obra, consonte á seguinte distribución.

CONCEPTO	IMPORTE (ive engadido)
Obra (segundo proxecto)	605.000,00 €
Redacción Proxecto Básico e Execución	18.000,00 €
Honorario Dirección obra	21.780,00 €
Honorario Dirección execución material	21.780,00 €
Honorario Estudo xeotécnico	5.595,00 €
Honorario Estudo topográfico	2.117,50 €
Total	674.272,50 €

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000.- € e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista. A estes efectos computaranse os gastos que o Concello xa ten feito na redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación. A achega do Consorcio realizarase con cargo á partida 313I 231 622 dos seus orzamentos, financiándose polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, Obxectivo Temático: 10. Prioridade de Inversión: 10.5. Obxectivo específico: 10.5.1.

Os pagamentos do Concello ao Consorcio efectuaranse previa xustificación do gasto realizado, consonte o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento do anterior, para o que o Consorcio deberá presentar os correspondentes xustificantes de gasto debidamente certificados polo órgano competente.

No suposto que a inversión prevista supere a cantidade estimada na cláusula V, a financiación do exceso se realizaría asumindo o Consorcio o 50 % da cantidade resultante e o Concello o outro 50 %.

As modificacións que supoñan unha alteración no proxecto e que conleven o incremento ou diminución da contía das obras, deberán contar coa aprobación previa do Concello.

O Concello de Pontedeume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2017 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2017.

As anteditas obrigas estarán condicionadas a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no seu momento, para facer fronte as mesmas por parte do Concello de Pontedeume.

A estes efectos, a aportación do Concello de Pontedeume computará os gastos que o Concello xa ten feito redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación, así como a diferenza respecto a aportación do Consorcio no importe total da execución da obra, segundo a táboa de distribución prevista no presente convenio e coa proporcionalidade igualmente establecida en canto ós posibles excesos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As cantidades a aportar polo Concello de Ponte deume e referidas a execución da inversión, faranse efectivas previa xustificación da súa realización.

SEXTA.- A posterior xestión da escola infantil seguirá correspondendo ao Concello.

SÉTIMA.- O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia mentres dure o fin que o motiva.

OITAVA.- A efectos da resolución das dúbidas interpretativas que puideran xurdir con ocasión da execución do presente Convenio, constituirase unha comisión de carácter mixto integrada por, cando menos, un representante de cada unha das partes.

NOVENA.- Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

DÉCIMA.- O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela, ___ de _____ de 2016

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO DE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR"

O ALCALDE DO
CONCELLO DE PONTEDEUME

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do concello de Ponte deume para a sinatura do "Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ponte deume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no concello de Ponte deume" e demais trámites e xestións que deste se deriven.
...//...>>

Dáse conta da sinatura do dito convenio, entre o Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro e o Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, D. José Manuel Rey Varela, no Concello de Ponte deume na mañá do 21/11/2016.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.>>

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

4. - DAR CONTA DO ACORDO ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DA XUNTA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PRA ACCEDER ÁS FUNCIONALIDADES DE SOLUCIÓNS TECNOLÓXICAS BÁSICAS DE ADMINSTRACIÓN ELECTRÓNICA CONTIDAS NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (MINHAAP) E A AMTEGA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINSTRACIÓN ELECTRÓNICA.



<<2. DAR CONTA DA SINATURA DO ACORDO ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DA XUNTA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA ACCEDER ÁS FUNCIONALIDADES DE SOLUCIÓN TECNOLÓXICAS BÁSICAS DE ADMINSTRACIÓN ELECTRÓNICA CONTIDAS NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (MINHAAP) E A AMTEGA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓN BÁSICAS DE ADMINSTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Dáse conta da sinatura por parte do Sr. Alcalde-Presidente, en nome e actuando en representación do Concello de Pontedeume, en virtude das atribucións legalmente conferidas, do "Acordo entre a Axencia para a modernización tecnolóxica da Xunta e o Concello de Pontedeume para acceder ás funcionalidades de solución tecnolóxicas básicas de administración electrónica contidas no convenio de colaboración entre a administración xeral o Estado (MINHAAP) e a AMTEGA para a prestación mutua de solución básicas de administración electrónica, conforme ao seguinte:

"En Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Dunha parte, dona Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume, actuando en nome e representación do concello en virtude das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Intervenien en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e **EXPOÑEN**

Primeiro. Que o 31 de outubro de 2013, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica.

Segundo. Este Convenio ten por obxecto establecer os termos e condicións xerais para un aproveitamento común das solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que prestan as partes asinantes no cumprimento da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Dita prestación mutua de solucións tecnolóxicas básicas levaranse a cabo nos termos que establece este convenio, realizándose sen contraprestación económica. Dita prestación mutua de solucións tecnolóxicas básicas levaranse a cabo nos termos que establece este convenio, realizándose sen contraprestación económica.

Tamén é obxecto deste Convenio a determinación das condicións nas que a Xunta de Galicia facilitará o acceso das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda do presente Convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscrición do correspondente Acordo, que garantirá, en todo caso, o cumprimento das obrigas establecidas no presente Convenio.

Así mesmo, é obxecto do Convenio a determinación das condicións nas que facilitarase o acceso ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de ambas partes asinantes que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda do presente Convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscrición do correspondente Acordo, que garantirá, en todo caso, o cumprimento das obrigas establecidas no presente Convenio.

Terceiro. A cláusula segunda de dito Convenio, establece como ámbito de aplicación o seguinte:

"1. As partes que subscriben o presente Convenio poderán acceder ás funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que permiten dos servizos previstos na Lei 11/2007 (artigos 15, 27.7, 28 e 43) que a continuación se especifican:

a) Para a utilización de sistemas de sinatura electrónica avanzada:

. Plataforma de validación e sinatura electrónica @firma.

b) Para as comunicacións entre Administracións Públicas por medios electrónicos:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- . Intermediación de datos entre Administracións Públicas.
- . Sistema de Interconexión de Rexistros.
- . Intercambios de información a través do Portal de Comunidades Autónomas.
- c) Para a notificación por medios electrónicos: c) Para a notificación por medios electrónicos:
 - . Dirección Electrónica Habilitada e Catálogo de Procedementos do Servizo de Notificacións Electrónicas.
 - . Dirección Electrónica Habilitada e Catálogo de Procedementos do Servizo de Notificacións Electrónicas.
- d) Como rede de comunicacións das Administracións Públicas Españolas: d) Como rede de comunicacións das Administracións Públicas Españolas:

. Red SARA. . Red SARA.

2. As solucións básicas anteriormente especificadas baséanse en tecnoloxía que poderá ser actualizada ou substituída por outras máis avanzadas ou eficientes por acordo da Comisión de Seguimento, establecida na cláusula sétima do presente Convenio, cando, como consecuencia do desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, quedasen obsoletas as aplicacións ou sistemas relacionados no apartado anterior ou se producisen modificacións normativas que afecten ás correspondentes especificacións técnicas e de seguridade.

3. As Entidades Locais sitas no territorio da Comunidade Autónoma poderán acceder ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas anteriormente, ou ás que as actualicen ou substitúan, mediante Acordo suscrito ao efecto entre aquela e cada Entidade Local. O Acordo garantizará o acceso e dereito de uso das funcionalidades de todas ou de algunhas das solucións anteriormente relacionadas, así como o cumprimento por parte das Entidades Locais das obrigas correspondentes contidas no presente Convenio.

4. As entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das Administracións que subscriben o presente Convenio poderá acceder ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas anteriormente, ou ás que as actualicen ou substitúan, mediante Acordo suscrito ao efecto coa Administración coa que estean vinculadas ou da que dependen. O Acordo garantizará o acceso e dereito de uso das funcionalidades de todas ou algunhas das solucións anteriormente relacionadas, así como o cumprimento por parte das entidades de dereito público das obrigas correspondentes contidas no presente Convenio.”

O Concello de Ponte deume, está interesado nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda de dito Convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro.

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Concello de Ponte deume, acordan o acceso ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas no Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este acordo ten por obxecto o acceso do Concello de Ponte deume ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas na cláusula segunda do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, asinado o 31 de outubro de 2013, ou ás que as actualicen ou substitúan.

Segunda. Ámbito de aplicación

O Concello de Ponte deume poderá acceder ás funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que a continuación se especifican:

- a) Para a utilización de sistemas de sinatura electrónica avanzada:
 - Plataforma de validación e sinatura electrónica @firma.
- b) Para as comunicacións entre Administracións Públicas por medios electrónicos:
 - . Intermediación de datos entre Administracións Públicas.
 - . Sistema de Interconexión de Rexistros.
 - . Intercambios de información a través do Portal de Comunidades Autónomas.



c) Para a notificación por medios electrónicos

Dirección Electrónica Habilitada e Catálogo de Procedementos do Servizo de Notificacións Electrónicas. . Dirección Electrónica Habilitada e Catálogo de Procedementos do Servizo de Notificacións Electrónicas.

d) Como rede de comunicacións das Administracións Públicas Españolas: d) Como rede de comunicacións das Administracións Públicas Españolas:

. Red SARA. . Red SARA.

Para ter acceso a estas solucións tecnolóxicas básicas, o Concello de Pontedeume, unha vez asinado este Acordo, deberá solicitar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a cales das solucións tecnolóxicas básicas, descritas anteriormente, queren ter acceso. Unha vez solicitadas, a Amtega daralle traslado á Administración Xeral do Estado do Acordo de adhesión e das solucións tecnolóxicas básicas solicitadas co fin de posibilitar o seu acceso.

Terceira. Obrigas do Concello de Pontedeume.

O Concello de Pontedeume comprométese ao cumprimento das obrigas correspondentes, contidas en dito Convenio de Colaboración.

Cuarta. Obrigas da Amtega

A Amtega garantirá o acceso e o dereito de uso das funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica, solicitadas polo Concello de Pontedeume e cumprirá as demais obrigas establecidas no Convenio.

Quinta. Protección de Datos Persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos.

Sexta. Publicidade

O Concello de Pontedeume consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste acordo de adhesión no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

Sétima. Resolución

Esta acordo poderá resolverse polo incumprimento das cláusulas que o regulan, polo transcurso do tempo estipulado ou por mutuo acordo das partes asinantes.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación

Oitava. Vixencia

Este acordo comeza a súa vixencia dende o día da súa sinatura ata a data de vixencia do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Este acordo comeza a súa vixencia dende o día da súa sinatura ata a data de vixencia do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, asinado o 31 de outubro de 2013.

Novena.- Réxime xurídico

Este Acordo ten natureza administrativa, e rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e polas demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas de dereito privado.

O presente acordo está excluído do ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do artigo 4.1c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, se ben aplicaranse os principios contidos nesa norma legal para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

En proba de conformidade co establecido en todas as cláusulas do presente Acordo, o asinan os interesados en representación das partes implicadas, na data e lugar indicados.

A directora da Amtega Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume"

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.>>

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

5. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dase conta da presentación de dúas mocións polo Grupo Municipal do BNG-AA, relativas a “SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9” e “PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS”

A portavoz do BNG-AA, Dna. Ana Veira García, da lectura ao texto da moción:

“MOCIÓN DO BNG-AA SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.



Con esta moción pretendemos que a Corporación de Pontedeume tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza. Sabedores que esta infraestrutura ten unha especial relevancia na nosa localidade.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume

ACORDA

1. **Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.**
2. **Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos acordados no Parlamento de Galiza.**
3. **Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.**
4. **Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidente/a do Congreso dos Deputados.**

Pontedeume, 21 de novembro 2016”

Dña. Ana Veira García considera que a moción non precisa explicación. Recorda que o que se pide foi un acordo adoptado por unanimidade na cámara galega e que se trata dun asunto totalmente lícito e necesario. Indica que a AP9 é das máis caras e con moito funcionamento e que o que se pretende é que dea beneficios. Resúltalle curioso que o asunto, cando chega a “Madrid” non se considere interesante, xa que nin se levou “á mesa”, o que considera un desprezo para o que cualifica dun “goberno autónomo”, o galego, por non teren a ben nin o seu estudio, desestimándoo, o que consideran un ninguneo ao parlamento e ao goberno de feijoo.

Sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión das moción na orde do día, resultando **RATIFICADA a URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA POR UNANIMIDADE** dos e das membros presentes.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o portavoz do PP. D. Francisco Javier Crespo Romeo manifesta a súa desconformidade co carácter despectivo da moción cara o partido popular. Asume

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

equivocacións no seo do PP, se ben considera aos tres grandes partidos partícipes da situación, en alusión á participación no goberno central das tres forzas, ben gobernando ou con apoio ao orzamento, neste último caso, referíndose ao BNG. Di que hai un contrato en vigor e que, de transferirse as competencias, habería que saldar contas coa empresa. Indica que o seu grupo comparte a petición e anuncia o voto favorable ao acordo.

O portavoz do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, D. José Simoes Couceiro, intervén para indicar o voto favorable do seu grupo.

Pecha o debate Dña. Ana Veira García, referíndose á claridade do acordo, en alusión do recollido no punto segundo.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.
2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos acordados no Parlamento de Galiza.
3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.
4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidente/a do Congreso dos Deputados.

De seguido, a portavoz do BNG-AA, Dña. Ana Veira García, da lectura ao texto da seguinte moción:

“MOCIÓN PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza a taxa de risco de pobreza medrou nun só ano 4 puntos, situándose no 19,4% en 2015. Isto significa que máis de 700.000 persoas están en risco de exclusión social ou pobreza.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP



no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, nos últimos anos incrementáronse.

Esta situación faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o alugueiro das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as condicións climatolóxicas adversas do inverno, fan especialmente necesario que o goberno central e a Xunta de Galiza adopten medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como "pool" eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como "beneficios chovidos do ceo", sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por uha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG-AA de Pontedeume, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

- 1. Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.*
- 2. Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxativa de corte de suministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.*
- 3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.*

Ponte deume, 21 de novembro 2016"

Sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión das moción na orde do día, resultando **RATIFICADA a URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA POR UNANIMIDADE** dos e das membros presentes.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Intervén Dña. Ana Veira García, quen di que do que se trata é de que se garanta á cidadanía o dereito a estos subministros básicos (auga, luz, gas...) e recorda a última morte ocorrida en Cataluña por estas circunstancias, onde se van tomar medidas para evitar situacións deste tipo.

Toma a palabra o portavoz do PP. D. Francisco Javier Crespo Romeo di compartir o sentimento e alude á necesidade de garantir o subministro eléctrico aos consumidores vulnerables. Fai referencia ao bono social, ao ticket eléctrico...medidas recollidas na lexislación vixente. Defende o sector eléctrico como potencia e fonte de ingreso para as familias. Fai alusión ao momento do incremento da tarifa eléctrica, e considera sorprendente que quen creo a situación de pobreza, sexan hoxe os que se queixan, en referencia aos gobernos de anteriores lexislaturas. Conclúe facendo referencia á lexislación vixente e á necesidade do seu cumprimento.

Dña. Ana Veira García pon como exemplo o concello de Muras, onde se teñen adoptado medidas para que os beneficios pola instalación de infraestruturas eléctricas redunden na cidadanía. Considera que o PP non se quere responsabilizar das súas políticas sociais.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, cualificando a situación de "drama" e considerando "carísima" a electricidade, independentemente dos casos de pobreza extrema. Anuncia o voto favorable do seu grupo e informa que está programada unha charla o día 5, ás 19h sobre o mercado eléctrico, a factura, consellos de aforro, coñecer os dereitos das persoas consumidoras...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PsdG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Silvia Fornos Permuy, e do BNG-AA (2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **3 votos en contra** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP (3): D. Francisco Javier



Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez, o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

- 1. Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.**
- 2. Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxativa de corte de suministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.**
- 3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.**

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24/11/2016

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **741.2016** de 24 de outubro ao **808.2016** de 18 de novembro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2016/G003/000764	BASES SELECCIÓN DOUS OFICIAIS ALBANEIS, SUBVENCIÓN DA CONSELLERIA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.	741/2016	24/10/2016
2016/G003/000785	RECTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN TAXA E ICIO POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 2016/U022/000003	742/2016	24/10/2016
2016/G003/000802	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E XESTIÓN DE RESIDUOS PARA OBRA RENOVAVION DA REDE DE ABASTECIMENTO DENDE AVDA LOMBARDEIRO A AVDA VILLANUEVA (POS 2015) EXPTE ON.07.2015	743/2016	24/10/2016
2016/G003/000803	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E XESTIÓN DE RESIDUOS PARA OBRA RENOVAVION DA REDE DE ABASTECIMENTO DENDE PONTEDEUME AO PORTIÑO (POS 2015) EXPTE ON.08.2015	744/2016	24/10/2016
2016/G003/000807	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA	745/2016	24/10/2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	DO PLENO DO CONCELLO DE 27.10.2016		
2016/G003/000805	APLICACIÓN DE FACTURAS 429	746/2016	26/10/2016
2016/G003/000791	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVICIOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE, PARQUES E XARDÍNS. SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 27/10/2016	747/2016	27/10/2016
2016/G003/000809	APROBACIÓN PADRONS SERVIZO AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA, SETEMBRO DE 2016	748/2016	27/10/2016
2016/G003/000800	TRAMITACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/41	749/2016	27/10/2016
2016/G003/000801	APROBACIÓN DE FACTURAS, RELACIÓN DE O/2016/42	750/2016	27/10/2016
2016/G003/000804	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	751/2016	27/10/2016
2016/G003/000816	RECTIFICACION DE ERRO NO PADRON DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2016	752/2016	27/10/2016
2016/G003/000817	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	753/2016	27/10/2016
2016/G003/000819	EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	754/2016	27/10/2016
2016/G003/000820	INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES OUTUBRO 2016.	755/2016	27/10/2016
2016/G003/000822	APROBACIÓN NÓMINA MES DE OUTBRO DE 2016	756/2016	27/10/2016
2016/G003/000821	DEVOLUCION DE INGRESOS DA ACTIVIDADE DE JUDO DA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE VERAN	757/2016	27/10/2016
2016/G003/000814	APROBACIÓN PADRÓN SUMINISTRO AUGA POTABLE SANEAMENTO E DEPURACIÓN TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016	758/2016	27/10/2016
2016/G003/000824	ANULACION TAXA POR OCUPACION POSTO VENTA AMBULANTE 1º TRIMESTRE 2013 E LIQUIDACION 4º TRIMESTRE 2011 DE DONA LUZ DIVINA SALAZAR JIMENEZ	759/2016	27/10/2016
2016/G003/000828	XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURÍSTICOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS	760/2016	28/10/2016



	OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2016		
2016/G003/000831	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 02/11/2016	761/2016	31/10/2016
2016/G003/000830	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR XERACIÓN NÚMERO 29/2016	762/2016	31/10/2016
2016/G003/000815	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN FIN CONTRATO DE FRANCISCO JAVIER PIÑEIRO CARPENTE.	763/2016	27/10/2016
2016/G003/000818	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN FIN CONTRATO MAURO LUNA GÓMEZ.	764/2016	27/10/2016
2016/G003/000811	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR XERACIÓN NÚMERO 27/2016	765/2016	31/10/2016
2016/G003/000812	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 28/2016	766/2016	31/10/2016
2016/G003/000813	APROBACIÓN DE FACTURAS O/2016/44	767/2016	31/10/2016
2016/G003/000832	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO, SOLICITUDE OFERTAS E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA "GRADERÍO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL". Expte. 2016/C003/000003	768/2016	03/11/2016
2016/G003/000833	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	769/2016	04/11/2016
2016/G003/000834	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	770/2016	04/11/2016
2016/G003/000836	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	771/2016	04/11/2016
2016/G003/000837	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	772/2016	04/11/2016
2016/G003/000838	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE DON CESAR VARELA OTERO	773/2016	04/11/2016
2016/G003/000839	BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE DON ANTONIO LAMAS PITA.	774/2016	04/11/2016
2016/G003/000840	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN CA AA.VV. NOGUEIROSA ANO 2016	775/2016	04/11/2016
2016/G003/000825	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	776/2016	04/11/2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2016/G003/000826	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DE TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA.	777/2016	04/11/2016
2016/G003/000841	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (FILGUEIRAS****-GONZALO****)	778/2016	04/11/2016
2016/G003/000844	RELACION DE ALTAS, BAIAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE OUTUBRO DE 2016	779/2016	04/11/2016
2016/G003/000810	DESISTIMENTO COMUNICACIÓN PREVIA EXPTE. 2016/U026/000029	780/2016	04/11/2016
2016/G003/000846	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3 E Nº 4 E ACTA DE RECEPCIÓN, DA OBRA PAVIMENTACIÓN ESTRADA VELLA-ENTRONQUE N-651 (ANDRADE), ENTORNO ESCOLA DE NOGUEIROSA E SOBREANCHO EN BOUZALONGA (OMBRE). POS/2014.	781/2016	04/11/2016
2016/G003/000845	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR XERACIÓN NÚMERO 30/2016.	782/2016	04/11/2016
2016/G003/000848	APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO, APROBACIÓN DO GASTO E SOLICITUDE DE OFERTAS PARA "SUBSTITUCIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO EN ESTEIRO" (INEGA 2016). EXPTE Nº 2016/C002/000017	783/2016	04/11/2016
2016/G003/000835	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	784/2016	07/11/2016
2016/G003/000853	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN CA ANPA COUCEIRO FEIJOMIL PARA O ANO 2016	785/2016	07/11/2016
2016/G003/000852	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIDADE VECINAL OLMO PARA O ANO 2016	786/2016	07/11/2016
2016/G003/000849	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 08/11/2016	787/2016	07/11/2016
2016/G003/000850	RECTIFICACIÓN ERROS MATERIAIS NO DECRETO 762/2016 DE DATA 31.10.2016	788/2016	04/11/2016
2016/G003/000858	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUMINISTRO PARA "SUBSTITUCIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO EN ESTEIRO" (INEGA 2016) (Expte: 2016/C002/000017)	789/2016	09/11/2016
2016/G003/000806	APROBACIÓN DE FACTURAS O/2016/43	790/2016	09/11/2016
2016/G003/000855	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE DONA AMALIA BOTAS LAMAS	791/2016	09/11/2016



2016/G003/000865	MODIFICACION ORZAMENTARIA MEDIANTE XERACION DE CRÉDITO: CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA, EXCMA. DEPUTACIÓN DE A CORUÑA E CONCELLO DE PONTEDEUME PARA OBRAS DE REHABILITACIÓN E AMPLIACION DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	792/2016	11/11/2016
2016/G003/000862	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 14/11/2016	793/2016	11/11/2016
2016/G003/000872	APROBACIÓN FACTURA -SUBSTITUCIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO EN ESTEIRO- INEGA/2016. EXPTE:2016/C002/000017.	794/2016	15/11/2016
2016/G003/000875	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16/11/2016	795/2016	15/11/2016
2016/G003/000867	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MANTENIMENTO VIVENDA HABITUAL (SIUSS 1510001000292)	796/2016	15/11/2016
2016/G003/000672	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	797/2016	15/11/2016
2016/G003/000859	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	798/2016	15/11/2016
2016/G003/000860	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	799/2016	15/11/2016
2016/G003/000851	APROBACIÓN DE FACTURAS	800/2016	16/11/2016
2016/G003/000863	CONTRATACIÓN OFICIAIS ALBANEIS, SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).	801/2016	15/11/2016
2016/G003/000864	ANTICIPO NOMINA DE D. JUAN RAMON PLACER SANDE.	802/2016	15/11/2016
2016/G003/000870	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARTIDAS MESMO AREA DE GASTO	803/2016	15/11/2016
2016/G003/000874	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	804/2016	15/11/2016
2016/G003/000873	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS O/2016/46	805/2016	15/11/2016
2016/G003/000871	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/45	806/2016	15/11/2016
2016/G003/000854	DEVOLUCION DE INGRESOS DA ACTIVIDADE DE XADREZ DA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE VERAN	807/2016	18/11/2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2016/G003/000808	Decreto de adjudicación de contrato de suministro de 2 desfibriladores en aluguer sen opción de compra	808/2016	18/11/2016
------------------	--	----------	------------

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

A portavoz do Grupo Municipal do PP plantexa os seguintes **ROGOS**

1.- Achegados ao nos grupo queixa polo mal estado de cunetas e cruces de augas nos camiños municipais nas parroquias, rogamos os limpen.

2.- O Aparcamento público que deixamos feito na anterior lexislatura, tan demandado polos veciños, polos comerciantes, hosteleiros, visitantes, etc, está descoidado e abandonado, rogamos en moitos plenos que se repare axeitadamente, a imaxe que está a dar é lamentable.

3.- Rogamos poden os árboles do camino da igrexa de san martiño de Andrade.

4.- Rogamos a reparación das aceras de Nogueirosa, as plaquetas rotas poden ser causa de caídas para os peatóns.

5.- Rogamos apaguen ou teñan maior control cos alumeados públicos encendidos durante o día, o aforro enerxético que se presume volcase en contra vendo as farolas durante horas encendidas a pleno día.

O Sr. Alcalde indica que se estiveron facendo reparacións, de aí que estivera aceso durante o día.

6.- Rogamos se impliquen co teixo do paseo marítimo, o seu estado foi a peor, incluso declaracións do alcalde o daba por morto, mais hai que pelexar pola súa recuperación.

7.- Rogamos coloquen canto antes as luces do nadal, nolo demandan os comerciantes e hosteleiros, poñémolo no seu coñecemento.

8.- Rogamos pinten o paso de peóns no fronte do centro de ensino couceiro freixomil, e soliciten pintar outro no colexio de Andrade, e un terceiro na carretera tamén provincial na zoa comercial do couceiro.

9.- Rogamos remitan con mais antelación as invitacións aos actos, en tempo suficiente para a nosa organización.

10.- Rogamos reparen o cristal da casa da cultura, agora xa hai outro máis roto.

11.- Rogamos realicen os rogos dos plenos anteriores, durante 17 meses quedaron a maioría sen facer.



12.- Rogamos amañen o bache que está xunto o cruce do Silvar, parroquia de Nogueirosa, coméntanos os veciños que e moi grande e que xa caeu algún neno da bicicleta polo mal estado do firme.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se ía amañar antes da tempada de chuvias.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- No pleno do pasado 14 de novembro vostede falou (así se recolle en acta) de que as cámaras frigoríficas do mercado provisional eran de 2ª man. Ante a nosa negativa dixo vostede que o tema falaríase máis adiante gustaríanos que aclarase esta afirmación.

O Sr. Alcalde di que é así pola información que se lle traslada dende o propio mercado, nomeadamente as portas. Investigárase e pediranse responsabilidades.

D. Javier Crespo Romeo solicita que se faga un informe.

2.- Fai xa uns cantos meses tróuxose a pleno o tema dos prezos da piscina, íbase a realizar unha revisión e aclarar o tema, ¿está xa solucionado este tema?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se teñen feitos informes ao respecto, que se mantiveron tres xuntanzas con responsables da empresa, a última hai un mes. O Alcalde recorda que esta cuestión xa se denunciou no ano 2012, e que o goberno anterior marchou sen o solucionar. Apunta a existencia de escritos da empresa que non se atenderon, o que considera deriva no problema actual.

D. Javier Crespo Romeo pregunta se é verdade que hai socios que non pagan.

O Sr. Alcalde di que non ten constancia.

3.- En setembro dixo que despois dunha reunión cos responsables da obra da Alameda deulles como prazo de remate 1 mes ou como máximo 1 mes e medio e que se non tomaría medidas. Xa pasados dous meses, ¿vai tomar medidas? ¿Cáles son esas medidas?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que os traballos xa se reanudaron hai máis de dúas semanas (co remate das beirarrúas da parte baixa, o rego hoxe...). Recorda que se teñen imposto penalidades, que se descontarán no pagamento. Indica que a rescisión do contrato retrasaría o remate da obra e que foi por este motivo que se decidiu continuar cos traballos, que rematarán, se fai bo tempo, para a semana que ven.

4.- Despois de 6 meses de contratación e sendo vostede presidente e responsable de este sinsentido ¿Cándo van a poder disfrutar das actividades culturais as persoas que xa pagaron a cuota de 4 meses?

Dña. Raquel Caruncho Corral di que as cotas son trimestrais e que se está a retrasar o inicio das actividades por problemas administrativos.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que, como concelleira, a responsable é ela.

Intervén o Sr. Alcalde, que di que o motivo do retraso é un erro do técnico, non do político. Considera que a culpa é de quen se equivoca. Que se teñen corrixido os erros que o expediente se ten adxudicado provisionalmente esta semana.

5.- ¿Hai xa financiación oficial para as beirarrúas de Centroña?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a obra está no Plan de Travesías da Deputación provincial, se ben se está á espera dunha oferta de "Telefónica" para o traslado dos postes; Que unha vez se teña, levarase a comisión.

6.- ¿Cántas das mocións presentadas en todo o seu mandato se tramitaron?

O Sr. Alcalde indica que se deu traslado de vinte e nove, dun total e trinta e catro presentadas.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pregunta se houbo contestación.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que nunca contestan.

7.- ¿Pensan contemplar nos presupostos o bono bus universitario?

D. José Simoes Couceiro fai referencia a un convenio.

D. Andrés Pérez Pérez di que hai que falar coa universidade.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.- ¿Fíxéronse as xestións necesarias para limpar o Río Covés que segue cheo de lodos e con inundacións estos días de grandes choivas?

O Sr. Presidente indica que se teñen feito xestións con Augas de Galicia e coa Demarcación de Costas. Que da estrada para abaixo (Costas) xa está limpo. Sobre a parte que lle compete a Augas de Galicia indica que hai dúas semanas que estivo o enxeñeiro, que quedou de facer un informe. Di que esta semana non foi posible falar co director do organismo.

9.- Dende o inicio do seu mandato estase contratando persoal, ¿estas contratacións reúnen todas as autorizacións legais e necesarias?

Contesta o concelleiro de Persoal e Rexime Interior, o Sr. Simoes Couceiro, quen enumera as diferentes contratacións levadas a cabo, defendendo á legalidade das contratacións.

D. Bernardo Fernández Piñeiro ademais da legalidade, apunta á necesidade daquelas.

10.- Fai uns días limos na prensa que procedíase o renovado do alumado público de Esteiro, ¿en qué consiste a renovación e a cómo ascende este proxecto?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que viña explicado na prensa, que o custo foron 6655 euros e que se solicitaron máis actuacións ao INEGA, da que só concederon esta. Di que xa está acometida a instalación.

11.- En vista que hai unha empresa externa que adícase á recollida, con camións, dos residuos sólidos urbáns dende fai máis de 1 ano no noso Concello, ¿a cómo ascende a factura ou as facturas de esta empresa?

O Sr. Alcalde indica que xa se ten explicado: que a empresa se comprometeu a facelo a cambio do tempo polo que se lle tiña contratado. Di que xa están redactados os pregos para a nova contratación, se ben o Técnico está de vacacións, polo que será cando volva cando se retome o procedemento.

12.- Fai 1 mes aproximadamente prodúxose un altercado entre varios concelleiros e un veciño de Ponte deume. O conflito orixinouse pola non inclusión na lista de 2 menores nas escolas deportivas municipais. Este veciño rexistrou un escrito no que explicaba o sucedido (aproveitamos para solicitar unha copia de este escrito). ¿Podríamos explicar o que sucedeu?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se pode facilitar a copia do escrito sen permiso, xa que ten datos persoais.

Dña. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes explica o acontecido. Indica que a reserva de praza debíase facer previo pagamento, polo que no servizo nou autorizaron a inscrición. Derivaron á persoa a servizos sociais, se ben a ordenanza non contempla este caso como de “emerxencia social”, polo que lle indicaron que falara con Cáritas co obxecto de adiantar os cartos. Di que ela non estaba e que se terá previsión destas situacións para vindeiras ocasións e que non volva pasar.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se corrixiran estas cousas cando se revise a ordenanza.

Intervén Dña. Ana Veira, que di que ela mesma ten falado do asunto, no tocante ao servizo de madrugadores. Que é necesario que as ordenanzas recollan os casos de “emerxencia social”, e non considera oportuno ter que ir a Cáritas nestes casos.

O Sr. Alcalde recorda que, neste caso concreto, non pode ir como emerxencia social.

Dña. Ana Veira considera que o caso forma parte da formación/educación dun neno.



Dna. Raquel Caruncho Corral di que a ordenanza non o contempla.

Dna. Ana Veira di que tampouco contempla que se teña que pagar antes o 100% que se ten cobrado.

Dna. Raquel Caruncho Corral di que cando se fixo a inscrición, tívose en conta ao departamento xurídico : cando se fixo a inscrición, tívose en conta ao departamento xurídico e o de tesourería.

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende a colaboración do Concello con Cáritas, para casos onde non pode actuar o Concello, na busca dunha solución.

D. Javier Crespo Romeo di que el ten outra versión.

De seguido, prodúcese un intercambio de opinións ao respecto da situación vivida e o xeito no que se xestionou.

Concluídas as preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular, a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.- RECOLLIDA DE LIXO

En diferentes puntos do concello observouse un deficiente servizo de recollida de lixo, con colectores a rebordar.... Agora foi na zona de Eduardo Pondal
REITERAMOS un maior control deste servizo co fin de evitar estas situacións.

2.- INFORMACIÓN Á CIDADANÍA

Moitos colectores do lixo, en diferentes puntos, carecen ou teñen moi deteriorada información de datas e horario. Isto impide o coñecemento da mesma.
ROGAMOS colocación e reposición dos mesmos.

3.- ILUMINACIÓN DOS XARDÍNS DE LOMBARDEIRO.

Os xardíns de Lombardero, lugar de esparcemento para nenos/as ten na actualidade unha baixa iluminación.

PREGAMOS ao goberno municipal a busca dunha mellora deste servizo.

D. José Simoes indica que había varias farolas fundidas, que xa está amañado.

4.- LOCAL PARA PARTIDOS

SEGUIMOS a solicitar un local ou despacho para a atención á cidadanía.

5.- SEGURIDADE VIAL

No cruce da Graña coa costa do Cal, hai un espello de seguridade vial en franco deterioro.

SOLICITAMOS o seu arranxo.

7.- SUMINISTRO DE AUGA

Seguen repetíndose os cortes no abastecemento de auga en moitos puntos do concello

PREGAMOS que o concello estude o xeito de resarcir nos recibos de pago aos usuarios/as polas interrupcións deste.

8.- APARCADOIRO ANEXO AO INSTITUTO.

ROGAN que se faga unha intervención naquel: deterioro e peche. Que se recolla no orzamento de 2017.

9.- MOCIÓN PRESENTADAS.

ROGAN que por parte do Concello se realicen as actuacións que lle corresponden e que non son trasladables a outras administracións.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA CON PERSOAS/FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN OU SITUACIÓNS DE POBREZA

Nestes momentos de profunda crise na que hai familias nas que os ingresos víronse mermados dun xeito considerable á vez que as prestacións por desemprego non chegan a todos os que as precisan.

Hai servizos que dependen de instancias superiores ás do concello e outros que directamente dependen deste (recollida de lixo, auga...)

Hai veciños/as con problemas de impago de servizos básicos?

Existe algún protocolo de actuación?

Dña. Raquel Caruncho Corral indica que habería que preguntar en tesourería/recaudación.

Sobre a segunda pregunta, indica que non hai protocolo establecido. Se ben indica que a problemática que xurde derívase a servizos sociais, que pode asumir ata 150€/ano.

2.- CEIP DE BOEBRE.

Este curso estas instalacións deixaron de ter uso escolar.

Vaise pedir a desafectación por parte da C. Educación para poder utilizala para outros usos?

Que teñen pensado facer nestes locais?

Dña. Raquel Caruncho Corral considera que durante o primeiro ano non se debe pedir a desafectación. Sobre a segunda pregunta, pénsase para a realización de actividades culturais.

3.-LOCAIS PARA ENTIDADES

Coñecedores das diversas peticións, por parte de entidades locais (Culturais, deportivas...) de maiores espazos ou algún para a realización de actividades.

Cales son as propostas que hai para ampliar ou dotar de locais ás mesmas?

Dña. Yolanda Vázquez Busto apunta os baixos da Alameda de Raxoi e o local do "Casino".

4.-VIXIANCIA DA CAPELA DE BREAMO

É coñecida a facilidade coa que os vehículos poden acceder ás inmediacións da capela de S. Miguel de Breamo. Polo visto incluso chegan a facer "circuitos".

Que medidas ten o concello para evitar o acceso a este lugar?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que hai que reinstalar os pivotes/bolardos. Indica que o adro non é municipal. Do concello é o campo.

5.-CAMPAÑA DE NADAL E OUTROS/

Xa están na porta as datas navideñas.

Cales son as actividades programadas na área de Normalización para a campaña de Nadal?

Os diferentes documentos como os expedientes de contratación de actividades culturais 2016-2020. **Deben ser revisados polo departamento de Normalización?**

Como pode ser que inclúan gran cantidade de erros?

Dña. Yolanda Vázquez Busto se ben non existe unha programación propia da área de normalización.

Sobre a revisión da documentación, dende a Presidencia apúntase á non viabilidade/posibilidade de revisar "todo".

No tocante á infancia, cales son as actuación previstas para estas datas?



Dna. Raquel Caruncho Corral da conta das distintas actividades programadas ou que contan coa colaboración do Concello.

6.- LIMPEZA DAS ARQUETAS.

Como está a limpeza de arquetas de saneamento por parte de Viacua?

É cun programa ou vai segundo se reclama?

Dende a Presidencia indícase que non é Viaqua quen limpa as arquetas, é o Concello, quen está a realizar estes traballos pouco a pouco. Pon como exemplo a actuación realizada a semana pasada na Praza do Conde.

8.-PROMOCIÓN DO GALEGO

En múltiples ocasión comentouse cos diferentes concelleiros/as e incluso en pleno da necesidade de promoción do uso da lingua galega por parte do concello.

Para as actividades culturais e deportivas dependentes do concello díxose que podería contemplarse a promoción do seu uso. Hai concellos que o recollen nestes pregos.

Revisada a documentación destas actividades vese que non existe ningunha referencia a esta promoción (podería contemplarse no 2.Oferta técnica punto 2.2).

Cales son as razóns deste desleixo? Por que non se contempla?

Dna. Raquel Caruncho Corral plantexa que non é unha obriga legal.

Dna. Ana Veira diferencia entre obriga e promoción, e que as súas peticións son referentes á promoción.

9.-RETRASO DO INICIO DAS ESCOLAS CULTURAIS

Xa estamos a finais de novembro e as actividade aínda non deron comenzo.

En que vai repercutir este retraso nos usuarios/as?

Que motivos levaron a esta situación?

Cal é a situación actual?

(Xa contestada anteriormente)

Dna. Ana Veira agarda que se corrixan os erros para vindeiras ocasións.

10.- AS BEIRARRÚAS MIÑO-PONTEDEUME

Hai catro días que se presenta este proxecto de mellora da seguridade vial.

Unha longa reclamación dos veciños/a que estivo defendida polo BNG local con múltiples campañas de diferente índole.

Será unha senda peonil ou beirarrúas?

Por cal marxe vai discurrir?

Será con cortes pola existencia de construcións?

Haberá expropiacións?

Para cando?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que van ter o alto dunha beirarrúa normal; non vai levar plaqueta, se non aglomerado, o que se considera máis funcional e máis duradeiro.

No que respecta ás expropiacións, o Sr. Alcalde indica que se vai intentar ir á “cesión” xa que a expropiación retrasaría a obra. Di que vai intentar traer un plano.

A actuación está incluída no Plan de Travesías provincial, e o seu remate vai depender do tempo no que se xestionen as cesións.

11.- PRESUPOSTOS

Xa estamos tocando o inicio do 2017 e non queremos que ocorra coma en moitas cuestións nesta última tempada. Presas, plenos extraordinarios, avisos e documentacións no mesmo día dun pleno...

Cando poderemos coñecer os presupostos?

En que estadio están?

En que pleno teñen previsto traelos?

O Sr. Alcalde di que se está traballando na súa elaboración; que se atrasou porque se estaba á espera do “Plan Único” da Deputación para saber dos cartos dos que se van dispoñer por medio do dito Plan. Indica que, de ser posible, traeranse a un pleno extraordinario antes de que remate o ano. Canto antes.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte e catro minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

